



CONCELLO DE VAL DO DUBRA (A Coruña)

R.E.L.N.º 0115888 – C.I.F. P-1508900-F Teléf. 981889000 – Fax 981889100
Rúa arcai, 41 – Bembibre – C.P. 15873 – E-mail: correo@valdodubra.dicoruna.es

ACTA DA COMISIÓN DE BAREMACIÓN DAS SOLICITUDES DE RENOVACIÓN DE PRAZA E DE PREINSCRIPCIÓN NA ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL DE 0 A 3 ANOS DE VAL DO DUBRA PARA O CURSO 2019/2020, Ó ABEIRO DO REGULAMENTO DE FUNCIONAMENTO VIXENTE.

O día 05 de abril de 2019, sendo as 14:00 horas e 25 minutos, baixo a presidencia do alcalde, Antonio Negreira Noya, reúnense as persoas que máis abaixo se relacionan e que constitúen a comisión de baremación:

Vogais:

- A directora da Escola Infantil Municipal de 0 a 3 anos de Val do Dubra: María Isabel Iglesias Arnejo.

- A traballadora social dos SS.SS. Comunitarios: Jacqueline Pombo Traba.

- Secretario: O secretario Accidental da Corporación: Ramón Vázquez González.

Unha vez vistas as solicitudes de renovación de praza e de preinscripción na Escola Infantil Municipal de 0 a 3 anos de Val do Dubra para o curso 2019/2020, presentadas no Rexistro Xeral deste Concello, a comisión resolveu admitir a todos/as os/as menores para os/as que se presentaron as correspondentes solicitudes, nos horarios eleixidos, sen perxuício das modificacións de horario que o concello se vexa obrigado a facer por razóns orzamentarias.

Os/as solicitantes de horas complementarias, xornada partida ou rotación de horario, terán que presentar obrigatoriamente a documentación acreditativa e xustificativa da necesidade dese horario (certificación debidamente asinada e selada, expedida pola empresa na que presta servizos), antes da correspondente matriculación da praza na gardería.

Val do Dubra, 05 de abril de 2019.